

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6564** *REAL DECRETO 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendimento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina.* («BOE» 97, do 23-4-2005.)

A normativa básica que regulou o control do rendimento leiteiro oficial do gando en España estableceuse mediante o Real decreto 1213/1997, do 18 de xullo, polo que se regula o control de rendementos leiteiros para a avaliación xenética das femias das especies bovina, ovina e caprina de raza pura para reprodución.

Esta disposición, que incorporou ao noso ordenamento xurídico a normativa da Unión Europea nesta materia, supuxo un instrumento para a modernización dos métodos de control e contribuíu a que as explotacións leiteiras sexan un subsector económico de gran transcendencia dentro do sector agroalimentario.

A gandaría de leite demanda constantemente a incorporación de novas tecnoloxías, polo que se deben actualizar e regular todos aqueles medios que permitan unha maior rendibilidade destas explotacións, entre os que destaca a mellora xenética como a ferramenta que permite dispor de efectivos de reprodutores selectos de alto valor xenético comprobado.

Ao constituír o control leiteiro un instrumento fundamental no desenvolvemento dos esquemas de selección do gando leiteiro, require unha estrutura organizativa básica sobre a que articularse, na cal participen as entidades máis representativas do sector, así como os órganos administrativos competentes.

Neste sentido, os centros autonómicos de control leiteiro van desempeñar un papel fundamental no aspecto organizativo do control leiteiro, ao aglutinaren as funcións dos núcleos de control leiteiro, apoiados polos laboratorios autonómicos para a análise cualitativa do leite e coa referencia dos laboratorios nacionais.

Por outro lado, e como máximo órgano de coordinación, redefínense as funcións e composición da Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial.

Tamén resulta conveniente realizar un constante apoio, normativo e técnico, para aproveitar todas as alternativas instrumentais dos medios de produción cos que conta o sector leiteiro en España, mediante o establecemento de mecanismos de coordinación entre as diferentes institucións especializadas e a fixación, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dos criterios básicos que deben seguir os controis de rendementos para a valoración de reprodutores inscritos nos libros xenealóxicos, como así se establece no artigo 8 do Real decreto 420/1987, do 20 de febreiro, sobre selección e reprodución de gando bovino de razas puras, e no artigo 4 do Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e caprino de razas puras. Por outra parte, dáselle un rango normativo ao sistema de auditorías e de inspeccións oficiais ao control leiteiro.

Ao mesmo tempo, é preciso establecer as bases de integración nos esquemas de selección de toda a información resultante dos datos obtidos nos controis oficiais, como se dispón no anexo II do Real decreto 420/1987, do 20 de febreiro, e no anexo II do Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, por canto as organizacións ou asociacións de gandeiros oficialmente recoñecidas deben contar con capacidade para a realización dos esquemas de selección para a mellora zootécnica da raza, o cal non é posible se

non contan co acceso á información obtida. Todo iso, de acordo coa Decisión 515/1994/CE da Comisión, do 27 de xullo de 1994, que modifica a Decisión 86/130/CEE, pola que se fixan os métodos de control dos rendementos e de avaliación do valor xenético dos animais da especie bovina de raza selecta para reprodución, e a Decisión 90/256/CEE da Comisión, do 10 de maio de 1990, pola que se fixan os métodos de control dos rendementos e de avaliación do valor xenético dos reprodutores ovinos e caprinos de raza pura.

Este real decreto establece finalmente un réxime de axudas para lles facer fronte aos gastos que xera o control leiteiro oficial, para que estes non supoñan unha mingua na rendibilidade das explotacións.

Por claridade, eficiencia e seguridade xurídica, resulta de interese proceder á derogación do Real decreto 1213/1997, do 18 de xullo, e incorporar nunha única norma todas as disposicións existentes e relacionadas coa avaliación xenética de todas as especies e razas de aptitude leiteira.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as organizacións e asociacións de criadores representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de abril de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto o establecemento da normativa básica de coordinación e funcionamento do control oficial do rendimento leiteiro en gando bovino, ovino e caprino en España, cuxa finalidade é a valoración xenética dos reprodutores a través dos esquemas de selección aprobados para as diferentes razas.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto, teranse en conta as seguintes definicións:

a) Control oficial do rendimento leiteiro (en diante «control leiteiro oficial»): conxunto de actuacións cuxo obxectivo é a avaliación xenética dos reprodutores das especies bovina, ovina e caprina de aptitude leiteira para mellorar as producións lácteas e que consistirá na comprobación sistemática da cantidade de leite producido e dos seus compoñentes, así como a recollida doutra información de validez, para a súa incorporación aos esquemas de selección aprobados para as diferentes razas.

b) ICAR (International Committee for Animal Recording): Comité Internacional para o Control do Rendimento Animal, que establece os procedementos normalizados internacionais sobre comprobación de rendementos das especies gandeiras, aos cales se deberá axustar este real decreto.

c) Organizacións ou asociacións: as organizacións ou asociacións de gandeiros oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos de razas de

aptitude leiteira en virtude do artigo 3 do Real decreto 420/1987, do 20 de febreiro, sobre selección e reprodución de gando bovino de razas puras, e do artigo 3 do Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e caprino de razas puras.

d) Centro autonómico de control leiteiro: órgano responsable da organización e execución do control leiteiro oficial en cada comunidade autónoma.

e) Controladores autorizados: os técnicos nomeados polo centro autonómico de control leiteiro, responsables da execución das tarefas de control leiteiro oficial nas explotacións que teñan asignadas.

f) Explotación: considérase válida, para os efectos deste real decreto e para o gando bovino, a definición de explotación prevista no artigo 2.a) do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, sempre que os animais estean destinados á produción láctea e estean situados nun mesmo lugar xeográfico.

g) Lactación finalizada e válida: para os efectos do cobramento das subvencións previstas neste real decreto, lactación calculada a partir do conxunto de datos normalizados obtidos do control leiteiro oficial dunha femia inscrita no libro xenealóxico, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria terceira, conforme os anexos deste real decreto, por un período de tempo continuo tras o parto, e cuxa información será válida para incorporar ao esquema de selección.

h) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en función das súas respectivas competencias.

i) Esquema de selección: calquera programa deseñado por requirimento ou por unha organización de criadores de gando de raza pura recoñecida oficialmente, encamiñado a elixir os mellores animais dunha raza para destinalos á reprodución, conforme uns determinados caracteres desexables definidos polos obxectivos de cría desa raza, co fin de que os ditos caracteres sexan transmitidos á descendencia.

j) Auditor: técnico nomeado polo centro autonómico de control leiteiro para executar as funcións previstas no artigo 18.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación en todas aquelas explotacións cuxos titulares manteñan inscritos os seus animais da especie bovina, ovina e caprina nos libros xenealóxicos, xestionados polas organizacións ou asociacións recoñecidas oficialmente.

### Artigo 4. *Distribución de competencias.*

As comunidades autónomas son as responsables, no ámbito das súas competencias, do funcionamento do control leiteiro oficial, e correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha función de coordinación.

O control leiteiro é executado a través dos centros autonómicos de control leiteiro, baixo a supervisión dos órganos competentes das comunidades autónomas e coa participación e asesoramento das organizacións ou asociacións definidas no artigo 2.

### Artigo 5. *Requisitos das explotacións participantes.*

As explotacións participantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Figurar no Rexistro de explotacións e dispor do correspondente código de explotación.

b) Participar nos programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

c) Dispor de instalacións adecuadas para realizar muxidura mecánica, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira.

### Artigo 6. *Responsabilidades dos titulares.*

Os titulares das explotacións terán as seguintes responsabilidades:

a) Teren os animais sometidos a control inscritos no libro xenealóxico da raza e debidamente identificados segundo normativa vixente.

b) Colaboraren cos programas de valoración xenética de reprodutores establecidos polas organizacións de criadores oficialmente recoñecidas ou as súas federacións.

c) Realizaren o control a todas as reproductoras da súa explotación inscritas no libro xenealóxico e que se encontren en produción.

d) Permitiren o acceso á explotación dos servizos oficiais da súa comunidade autónoma acreditados para realizaren a inspección, do controlador autorizado ou do persoal do centro autonómico de control leiteiro, debidamente acreditado, en calquera momento e sen previo aviso.

e) Comunicárenlle ao controlador autorizado toda incidencia de altas, baixas, cubricións, servizos de inseminación artificial, transferencias de embrións, partos, cambios nos horarios de muxidura, secados e/ou calquera outro dato que demande, por iniciativa propia ou logo de petición do centro autonómico de control leiteiro. Eses datos deberán rexistrarse en soporte documental ou informático.

f) Estaren ao día de pagamento das cotas exixidas no control leiteiro oficial, se as houber.

g) Inseminaren as súas reproductoras con sementais novos en proba na porcentaxe mínima que se estableza no esquema de selección específico para cada raza.

h) Disporen, no caso de titulares de explotacións de gando bovino, de cota láctea en activo vinculada á súa explotación e non se teren acollido ao plan de abandono.

### Artigo 7. *Requisitos das lactacións para o control leiteiro.*

Para que as lactacións poidan figurar nas certificacións xenealóxicas e para os efectos da valoración xenética de reprodutores establecida nos distintos esquemas de selección oficialmente aprobados, será necesario que as femias sometidas a control leiteiro oficial cumpran o disposto na regulamentación específica establecida nos anexos I, II, III e IV.

## CAPÍTULO II

### Estruturas de control

### Artigo 8. *Creación e composición da Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial.*

1. Constitúese a Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial, como órgano colexiado, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial estará constituída por:

- a) Un presidente, que será o director xeral de Ganadería.
- b) Un vicepresidente, que será o subdirector xeral de Medios de Producción Gandeiros.
- c) Dous vogais, funcionarios da Subdirección Xeral de Medios de Producción Gandeiros, designados polo vicepresidente, dos cales un deles actuará como secretario.
- d) Un vogal por cada unha das comunidades autónomas que decidan integrarse na comisión.
- e) Un vogal designado, de entre os seus membros, por cada organización ou asociación.
- f) Os directores dos laboratorios nacionais de referencia, en calidade de vogais.

3. En caso de ausencia do presidente da comisión, este poderá delegar no vicepresidente.

#### Artigo 9. *Funcións da Comisión nacional do control leiteiro oficial.*

A Comisión nacional do control leiteiro oficial terá as seguintes funcións:

- a) Analizar e estudar os resultados globais do control leiteiro oficial.
- b) Analizar e valorar as medidas que coiden oportunas e propórllas aos órganos competentes para mellorar a calidade dos resultados.
- c) Velar polo cumprimento da normativa comunitaria e polas normas establecidas polo ICAR.
- d) Establecer as medidas oportunas para unha correcta e homoxénea aplicación das actuacións en materia de control leiteiro oficial en todo o territorio nacional.
- e) Analizar as axudas que en materia de control leiteiro oficial se establezan en todo o territorio nacional.
- f) Adoptar as medidas necesarias para o correcto cumprimento deste real decreto.
- g) Supervisar a estrutura e o funcionamento das bases informáticas que conteñan os datos de cada raza de aptitude leiteira recoñecida.
- h) Propor e emitir informe sobre as disposicións de carácter xeral ou as súas modificacións.
- i) As demais que lle poidan atribuír ou asignar á comisión as disposicións vixentes.

#### Artigo 10. *Funcionamento e financiamento da Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial.*

1. A Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial reunirse de forma periódica, polo menos, unha vez ao ano.

2. A Comisión Nacional de Control Leiteiro Oficial aprobará as normas de réxime interno que considere convenientes para o desenvolvemento dos seus cometidos. En todo o non previsto polas súas normas de funcionamento, aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O funcionamento da comisión non suporá incremento do gasto público e será atendido cos medios materiais e de persoal existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, os gastos en concepto de indemnización por razón do servizo, axudas de custo e desprazamentos que se orixinen pola participación en reunións dos integrantes da Comi-

sión Nacional do Control Leiteiro Oficial serán por conta das súas respectivas administracións ou organizacións de orixe.

5. Poderanse crear grupos de traballo específicos para tratar cuestións técnicas relacionadas co control leiteiro oficial. A designación dos participantes nestes grupos específicos decidirase no seo da comisión.

#### Artigo 11. *Centros autonómicos de control leiteiro.*

1. En cada comunidade autónoma constituirase un centro autonómico de control leiteiro, que actuará como a unidade de coordinación e xestión da execución no ámbito autonómico do control leiteiro oficial. Este centro contará necesariamente coa participación das organizacións ou asociacións definidas no artigo 2.

2. As comunidades autónomas poderanlles outorgar a xestión dos centros autonómicos de control leiteiro ás organizacións ou asociacións definidas no artigo 2 por medio de calquera fórmula xurídica recoñecida en dereito.

3. Os centros autonómicos de control leiteiro deberán dispor de medios humanos e materiais suficientes para a recepción e arquivo de todos os datos relativos ao control leiteiro oficial recollidos nas explotacións, así como para poder procesar, depurar e xerar toda a información que se precise para o funcionamento do dito control.

4. Os centros autonómicos de control leiteiro deberán cumprir, como mínimo, os requisitos e as funcións seguintes:

- a) Asesorar, orientar, vixiar e prestar todo o apoio técnico necesario aos titulares das explotacións sometidas a control leiteiro oficial, así como deseñar e facilitar os medios necesarios para a súa execución.
- b) Autorizar o ingreso no control leiteiro oficial das explotacións propostas polas organizacións ou asociacións, e asignarlles un código de identificación e un controlador autorizado.
- c) Levar un rexistro das explotacións e dos animais cos datos correspondentes ao control leiteiro oficial.
- d) Recompilar os datos de cada explotación, segundo a súa sistemática de muxidura establecida nos anexos II, III e IV.
- e) Autorizar, supervisar e, de ser o caso, deixar sen efecto o nomeamento dos controladores autorizados.
- f) Asignarlles un código de identificación aos controladores autorizados.
- g) Supervisar que os modelos de medidores utilizados están aprobados polo ICAR, así como a súa calibración periódica.
- h) Xestionar e procesar os datos recollidos no control leiteiro oficial.
- i) Cerrar e calcular a produción natural e normalizada das lactacións.
- j) Coordinarse cos laboratorios autonómicos de control leiteiro para a remisión das mostras de leite.
- k) Realizar as funcións de auditoría interna, de acordo coa epígrafe B do anexo I, e remitirlles trimestralmente aos órganos competentes da súa comunidade autónoma un informe sobre os resultados daquelas.
- l) Investigar e decidir as medidas correctoras de tipo técnico ante as irregularidades detectadas pola aplicación deste real decreto.
- m) Comunicarlle ao órgano competente da súa comunidade autónoma todas as irregularidades que detecten no exercicio das súas funcións e propor, de ser o caso, as medidas oportunas.
- n) Comunicarlles todos os datos relativos ao control leiteiro oficial ás organizacións ou asociacións.

ñ) Proporcionar información a cada titular dos datos relativos ao control leiteiro oficial da súa explotación, polo menos, cunha periodicidade mensual.

#### Artigo 12. *Controladores autorizados.*

1. Os requisitos para o nomeamento, a asignación do código de identificación, o réxime contractual e o réxime disciplinario dos controladores autorizados serán fixados polo centro autonómico de control leiteiro.

2. As súas obrigas básicas e responsabilidades serán as seguintes:

a) Realizar o control leiteiro oficial segundo o método asignado a cada explotación polo centro autonómico de control leiteiro.

b) Manter a privacidade de toda a información recollida.

c) Estar presente na explotación que se vai controlar con tempo suficiente previo á muxidura.

d) Comprobar individualmente a identificación dos animais suxeitos a control leiteiro oficial.

e) Realizar persoalmente a comprobación periódica do rendemento leiteiro de todas as reproductoras que están en período de muxidura en cada explotación, segundo se estableza no regulamento específico de cada especie.

f) Tomar, envasar e identificar, persoalmente, as mostras de leite de cada reproductora en lactación, ou do grupo de reproductoras que fixe o esquema de selección.

g) Manter as mostras en perfecto estado de conservación.

h) Enviar as mostras de leite, recollidas en cada control periódico, ao laboratorio autonómico que se lle especifique para a súa posterior análise.

i) Consignar, co maior rigor, os datos que procedan en cada un dos documentos de traballo.

j) Informar o centro autonómico de control leiteiro de calquera anomalía ou infracción que se produzan nas explotacións ao seu cargo e que contraveñan este real decreto.

k) Cubrir os impresos de altas, baixas, fusións, desagregacións, traslados e cambios de titularidade que se produzan nas explotacións en control leiteiro.

l) Cubrir os impresos de altas, baixas e incidencias que afecten as femias das explotacións en control leiteiro oficial.

m) Comprobar, coa periodicidade que considere oportuno e polo menos unha vez ao ano, a correspondencia da identificación oficial das femias en control (transpónder, tatuaxe, código de identificación bovino oficial, número xenealóxico, silueta, etc., segundo a especie e raza) coa identificación do manexo, prestando especial atención ás novas incorporacións de animais que se van controlar na explotación.

n) Deixar na explotación constancia escrita, asinada por el e polo titular ou polo responsable da muxidura, de que o control foi realizado.

ñ) Poderán avisar o titular da explotación previamente á realización do control, sempre tras a finalización da muxidura anterior á do control.

3. O nivel de decisión dos controladores autorizados será aquel que lle outorgue o centro autonómico de control leiteiro seguindo, como mínimo, as directrices establecidas neste real decreto. Non poderá tomar, entre outras, as seguintes decisións específicas a título particular:

a) Alterar, en modo ningún, a metodoloxía de calquera dos métodos de control.

b) Consignar un método de control diferente ao asignado a cada explotación polo centro autonómico de control leiteiro.

c) Alterar as datas do control.

d) Alterar o intervalo entre muxiduras.

e) Alterar a alternancia exixida polo método.

f) Corrixir ou estimar producións ou demais datos do control leiteiro oficial. En ningún caso, o controlador pode alterar a produción rexistrada.

g) Alterar as datas de parto ou de secado.

h) Substituír ou alterar as mostras de leite recollidas.

i) Usar medidores distintos aos autorizados polo centro autonómico de control leiteiro.

4. Serán incompatibilidades específicas do controlador autorizado:

a) Controlar explotacións da súa propiedade ou doutros propietarios cos que teña relación de parentesco ata o terceiro grao, tanto por consanguinidade como por afinidade.

b) Realizar nas explotacións asignadas actividades non autorizadas polo centro autonómico de control leiteiro.

c) Percibir calquera tipo de retribución directa ou en especie das explotacións que controla.

5. As actividades dos controladores autorizados serán programadas polo centro autonómico de control leiteiro.

#### Artigo 13. *Laboratorios nacionais de referencia.*

Para cada especie incluída dentro do ámbito de aplicación deste real decreto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación designará un laboratorio nacional de referencia.

As funcións dos laboratorios de referencia do control leiteiro son as seguintes:

a) Coordinar os métodos de análise de leite mediante a organización periódica de probas comparativas e de contraste cos laboratorios autonómicos de control leiteiro, e informar anualmente a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do resultado daquelas.

b) Prestarlles apoio técnico e formativo aos laboratorios autonómicos de control leiteiro.

c) Participar na rede de laboratorios de referencia do ICAR e darlles a coñecer aos laboratorios autonómicos as propostas, informes e demais consideracións técnicas que se adopten no seu seo, así como asistir ás súas reunións e grupos de traballo.

d) Velar pola acreditación dos laboratorios autorizados para o control leiteiro oficial.

e) Avaliar e investigar sobre métodos e material de análise.

#### Artigo 14. *Laboratorios autonómicos de control leiteiro oficial.*

1. Cada comunidade autónoma disporá, polo menos, dun laboratorio para realizar as análises do control leiteiro oficial.

2. Os laboratorios autonómicos de control leiteiro oficial deberán estar acreditados conforme as normas UNE-EN-ISO que sexan de aplicación, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda.

3. Estes laboratorios autonómicos deberán actuar de forma coordinada co centro autonómico de control leiteiro e cos laboratorios nacionais de referencia.

#### Artigo 15. *Análise de control leiteiro.*

1. As análises do control leiteiro oficial comprenderán, polo menos, a composición en graxa, proteína e células somáticas para todas as especies previstas neste real decreto e, ademais, o extracto seco para as especies ovina e caprina, das mostras de leite recollidas polos controladores autorizados, e deberán respectar e cumprir as normas establecidas para o efecto polo ICAR. De forma potestativa, poderanse analizar outros compoñentes do leite.

2. Os resultados das análises deberanse encontrar á disposición dos centros autonómicos de control leiteiro nun prazo máximo de tres días a partir da data da súa recepción.

#### Artigo 16. *Bases informáticas do control leiteiro.*

1. Cada organización ou asociación constituirá unha base informática do control leiteiro oficial para a raza que xestione, en que se integrará, procesará e analizará toda a información cuantitativa e cualitativa procedente dos centros autonómicos de control leiteiro, recollida conforme os anexos deste real decreto, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria cuarta. Non poderá existir máis dunha base informática por cada unha das razas de aptitude leiteira oficialmente recoñecidas.

2. O fluxo de información da base informática axustarase ao seguinte protocolo:

a) O centro autonómico recibirá os datos procedentes da execución en campo do control leiteiro e dos laboratorios autonómicos de análise.

b) O centro autonómico filtrará, corrixirá e certificará os datos obtidos.

c) O centro autonómico de control leiteiro enviará estes datos, polo menos, cunha periodicidade bimestral ás organizacións ou asociacións definidas no artigo 2, para procesar a información, e realizará o cálculo das valoracións xenéticas e a súa integración na base informática de control leiteiro e nos libros xenealóxicos.

d) As organizacións ou asociacións, unha vez procesada a información, enviaranlla, con carácter semestral, ao órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen os animais obxecto de control e, con carácter anual, á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en soporte informático ou documental.

3. As condicións de acceso e utilización da base de datos informática axustaranse aos seguintes criterios:

a) As organizacións ou asociacións daránlles acceso a esta base informática ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a consulta de todos os datos das explotacións en control leiteiro oficial en todo o territorio nacional, aos órganos competentes das comunidades autónomas, en relación cos datos das explotacións do seu ámbito territorial, e a cada gandeiro, en relación cos datos da súa explotación.

b) A esta base informática poderase acceder pola internet, mediante a concesión dunha clave de acceso, comunicada por escrito, única para cada unha das administracións públicas mencionadas e para cada titular de explotación.

c) A información e revisión dos datos que se deban incorporar á base informática, proporase e, de ser o caso, aprobarase no seo da Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial.

4. A información contida nas bases informáticas estará suxeita ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

### CAPÍTULO III

#### Réxime de supervisión do control leiteiro oficial

##### Artigo 17. *Inspección oficial.*

1. O órgano competente de cada comunidade autónoma é o responsable da inspección do control leiteiro oficial, que se poderá realizar de oficio, por solicitude do centro autonómico de control leiteiro ou por requirimento da Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas inspeccionarán anualmente e de forma aleatoria, como mínimo, o dous por cento das femias en control leiteiro oficial no seu territorio, e comunicaranlles á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao centro autonómico de control leiteiro a información obtida das inspeccións, para valorar as incidencias dos resultados globais.

3. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán efectuar todas aquelas inspeccións que coiden oportunas, de cuxos resultados informarán anualmente a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

##### Artigo 18. *Sistema de auditorías internas.*

Para establecer un sistema de autocontrol da correcta aplicación da regulamentación específica do control leiteiro oficial, e como paso previo á inspección oficial por parte dos servizos oficiais das comunidades autónomas, establécense unhas pautas básicas, conforme a epígrafe B do anexo I, que conformarán o sistema de auditoría interna dos centros autonómicos de control leiteiro para as especies bovina, ovina e caprina.

Os encargados de realizar as auditorías internas no control leiteiro oficial en campo son os centros autonómicos de control leiteiro, os cales nomearán un técnico auditor entre o persoal que configure o cadro de persoal, que contará coa imparcialidade e independencia suficiente para desenvolver as súas funcións.

A finalidade das auditorías internas supón a comprobación de todos os aspectos recollidos neste real decreto e, en particular, os recollidos na epígrafe B.1 do anexo I.

Como mínimo, auditarase, de forma aleatoria e non dirixida, o dous por cento das explotacións e das reproductoras en control.

Non obstante, as auditorías internas poderanse realizar sen prexuízo dos labores de control que, eventualmente, poidan realizar os titulares das explotacións, os laboratorios autonómicos ou as organizacións ou asociacións definidas no artigo 2, os cales informarán o centro autonómico de control leiteiro sobre os erros ou irregularidades detectadas no labor dos controladores.

Así mesmo, os centros autonómicos de control leiteiro realizarán as auditorías dirixidas que coiden oportunas, e cando se detecten irregularidades ou deficiencias respecto ao estipulado neste real decreto.

O procedemento básico para a realización das auditorías é o que se reflicte na epígrafe B.2 do anexo I.

## CAPÍTULO IV

### Axudas

#### Artigo 19. *Axudas públicas ao control leiteiro oficial.*

1. A Administración xeral do Estado, a través dos seus orzamentos, poderá subvencionar os custos que xeren as actividades do control leiteiro oficial, con cargo á aplicación orzamentaria que para cada exercicio se determine nos orzamentos xerais do Estado.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá financiar con cargo aos orzamentos xerais do Estado, en concepto de control leiteiro oficial, ata a cantidade prevista no anexo V.

3. As comunidades autónomas informarán a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 30 de marzo de cada ano e mediante certificación oficial, do número de lactacións finalizadas e válidas do ano anterior, segundo están definidas no artigo 2, para os efectos de realizar a distribución territorial dos fondos. As ditas certificacións servirán como referencia para establecer a axuda concedida no exercicio orzamentario que se determine nas bases reguladoras.

4. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizarase de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta, de ser o caso, os remanentes a que se refire a regra quinta do punto 2 do dito artigo, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

5. Os remanentes dos fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se encontren en poder das comunidades autónomas seguirán mantendo o destino específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio como situación de tesouraría en orixe para a concesión de novas subvencións.

6. Correspóndelles ás comunidades autónomas a tramitación, resolución e pagamento das axudas a que se refire este artigo.

7. As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán completar a axuda procedente da Administración xeral do Estado, sempre que non se superen os límites establecidos no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1/2004 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios.

8. Finalizado o exercicio económico, e non máis tarde do 31 de marzo do exercicio seguinte, as comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o estado de execución do exercicio, con indicación das contías totais de compromisos de crédito, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados no ano, co detalle de cada unha das aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos do Estado desde o que se realizaron as transferencias de créditos. A información será posta en coñecemento da Conferencia Sectorial e tida en conta na adopción dos acordos de distribución de fondos.

9. As comunidades autónomas que xestionan as axudas a que se refire este artigo deberán proceder a un adecuado control destas que asegure a correcta obten-

ción, disfrute e destino dos fondos percibidos polo beneficiario.

*Disposición transitoria primeira. Período de adecuación normativa das explotacións a sistemas de muxidura mecánica.*

No caso das explotacións de ovino e caprino que participen no control leiteiro, establécese un período transitorio de seis anos para adaptaren as súas instalacións de muxidura ao especificado no punto anterior.

*Disposición transitoria segunda. Período de adecuación normativa dos laboratorios autonómicos.*

Os laboratorios autonómicos de control leiteiro oficial que non dispoñan da acreditación conforme as normas sinaladas no artigo 14.2 disporán dun período transitorio de seis anos para obtela.

*Disposición transitoria terceira. Percepción da subvención das lactacións de femias inscritas nos rexistros auxiliares.*

As femias leiteiras inscritas na sección auxiliar, subsección A libro xenealóxico, cuxas lactacións finalizadas e válidas se axusten á definición prevista no artigo 2, e que sexan propiedade de gandeiros de nova incorporación aos libros xenealóxicos ou ao control leiteiro, terán dereito á percepción das subvencións establecidas no artigo 19 durante un período transitorio máximo de catro anos a partir da data de entrada en vigor deste real decreto.

*Disposición transitoria cuarta. Adaptación ao sistema de codificacións informáticas.*

Para aquelas organizacións de criadores que non contén cunha infraestrutura suficiente para garantir un método de recollida de datos conforme as codificacións establecidas nos anexos, establécese un período transitorio de seis anos para adaptarse a el.

*Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1213/1997, do 18 de xullo, polo que se regula o control de rendementos leiteiros para a avaliación xenética das femias das especies bovina, ovina e caprina de raza pura para reprodución, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango contraveñan o disposto neste real decreto.

*Disposición derradeira primeira. Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, excepto o previsto no artigo 8, onde se regula a Comisión nacional do control leiteiro oficial, que encontra a súa xustificación na potestade de autoorganización de que dispón o Estado, en coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, dite cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modificar o contido dos anexos I a IV para a súa adecuación á normativa comunitaria ou ás recomendacións ou regulamentacións do ICAR, e das contías recollidas no anexo V, para a súa actualización á evolución do índice de prezos de consumo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## ANEXO I

### Especificacións comúns aos regulamentos do control leiteiro oficial das especies bovina, ovina e caprina

#### A. Toma de mostras

1. Forma de recollida da mostra. A mostra, individual ou de tanque, obterase a partir do leite convenientemente homoxeneizado.

2. Lugar de identificación. A identificación de cada mostra realizarase na sala de muxidura, no momento da súa obtención.

3. Tipo de identificación. Para identificar as mostras utilizaranse etiquetas en que figure a identificación (códigos de barras relacionados coa identificación da femia da que se obtivo a mostra ou etiquetas coa identificación da femia) ou ben se marcará o recipiente de forma indeleble. No caso de ter que proceder a realizar unha identificación provisional, o controlador asegurase de cambiala pola identificación definitiva antes de remitir as mostras ao laboratorio.

4. Lugar de marcación. O lugar de marcación no recipiente será aquel máis conveniente para o funcionamento do laboratorio de análise das mostras.

5. Conservante. O conservante engadido á mostra debe asegurar que esta chegue nun óptimo estado de conservación para a determinación correcta dos compoñentes do leite e será aquel autorizado polo centro autonómico de control leiteiro.

6. Proceso de conservación (cadea de frío). Procuraase que, unha vez obtidas as mostras, estas se manteñan e transporten refrixeradas desde a explotación ata o laboratorio autonómico de análise, e se evite así que a cadea de frío se interrompa, seguindo, en todo caso, as instrucións recibidas do centro autonómico de control leiteiro.

7. Transporte e prazos. O transporte das mostras desde a explotación ao laboratorio autonómico de análise será o máis conveniente posible para evitar a perda de mostras. As canles de transporte das mostras poderán ser diferentes, dependendo do funcionamento establecido en cada un dos centros autonómicos de control leiteiro. O

prazo de tempo que transcorra entre a obtención da mostra e a súa entrega ao laboratorio autonómico non superará, en ningún caso, as 72 horas.

8. Tipos de recipientes. Os recipientes das mostras serán os autorizados polo centro autonómico de control leiteiro e, polo menos, estancos, de tamaño e materiais adecuados para o seu transporte, conservación e análise. De igual maneira, de se estimar a súa reutilización, a limpeza e eliminación da identificación anterior do tubo será total, unha vez que se realice todo o proceso de análise e rexistro de resultados. O controlador autorizado rexeitará e eliminará todo frasco que conteña residuos ou que, ao seu criterio, puidese contaminar a mostra que hai que recoller.

9. Tipo de etiqueta. A etiqueta utilizada será autoadhesiva e estará impresa de tal maneira que a identificación non se borre e poida ser lida a pesar de eventuais condicións adversas ás cales poida ser sometida.

#### B. Auditorías internas

1. Finalidade. A auditoría interna no control leiteiro oficial supón a comprobación de todos os aspectos recollidos neste real decreto e, en particular, que:

- Os controis se realizan mediante métodos e equipamentos aprobados polo ICAR.
- O equipamento de control está instalado e calibrado correctamente e se usa de forma adecuada.
- Os animais controlados están clara e adecuadamente identificados.
- As inseminacións, cubricións ou transferencias de embrións están identificadas.
- Hai establecidos uns filtros para detectar e identificar a información inconsistente e non precisa.
- Se actúa nos casos de información inconsistente e pouco precisa, substituíndoa pola correcta ou eliminando a información incorrecta.

Neste sentido, reflectiranse documentalmente os resultados das auditorías, mediante o levantamento da correspondente acta. Esta acta remitirase, xunto con informes aclaratorios, de ser o caso, aos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. Procedemento. De forma orientativa, e sempre baixo as instrucións do centro autonómico de control leiteiro, establécese o seguinte procedemento básico:

- O auditor recompilará a información necesaria para a mostraxe das explotacións en que se realice a auditoría.
- A auditoría realizarase dentro das 72 horas seguintes á realización do control leiteiro oficial habitual na explotación elixida.
- O procedemento de auditoría axustarase ao método de control que se aplique na explotación que se audite, en canto a toma de datos e mostras, co obxecto de que os seus resultados sexan comparables cos do control leiteiro oficial.
- O auditor realizará tamén comprobacións de identificación dos animais sometidos a control leiteiro oficial.
- O documento ou acta asinarano o auditor e o titular da explotación.
- Posteriormente, procederase a elaborar un informe onde se reflectan os resultados da auditoría e das diferenzas calculadas con respecto ao control anterior, que se remitirá aos organismos correspondentes. No caso de detectaren irregularidades, estas comunicaránse tamén ao titular da explotación.
- Os centros autonómicos de control leiteiro remitiránlles, trimestralmente, aos órganos competentes das comunidades autónomas a información relativa aos

resultados das auditorías, e estes á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Irregularidades e correccións. Serán consideradas como tales, e de forma xeral, todas aquelas actuacións que non se axusten ao especificado neste real decreto.

O máximo responsable da aplicación de calquera tipo de corrección técnica será o centro autonómico de control leiteiro, o cal determinará a gravidade das irregularidades que se detecten, logo de consulta aos órganos competentes das comunidades autónomas co obxecto de depurar responsabilidades.

As correccións aplicaranse ao responsable dos erros e suporán a modificación ou anulación das actuacións incorrectamente controladas, sen prexuízo das infraccións e sancións que puidesen proceder en virtude da normativa específica en materia de infraccións e sancións do persoal ao servizo das administracións públicas, ou da recollida, no caso de non se tratar do dito persoal, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Non obstante, de se detectaren diferenzas entre a auditoría e o control ordinario, teranse en conta e estudaranse os factores, situacións ou razóns de índole técnica ou conxuntural que puidesen xustificalo.

3.1 Irregularidades nos datos técnicos do control leiteiro oficial e corrección destes. Detectaranse mediante a comparación entre o control leiteiro oficial ordinario e a auditoría:

3.1.1 Considerando a produción de leite de todo o rabaño:

a) Anularase o control ordinario e prevalecerá o resultado da auditoría se a diferenza entre o control leiteiro oficial ordinario e a auditoría está:

- 1.º Na especie bovina, entre o 10 e o 20 por cento.
- 2.º Nas especies ovina e caprina, entre o 20 e o 30 por cento.

b) Anularanse todas as lactacións en curso do rabaño se a diferenza entre o control leiteiro oficial ordinario e a auditoría é superior:

- 1.º Na especie bovina, ao 20 por cento.
- 2.º Nas especies ovina e caprina, ao 30 por cento.

3.1.2 Considerando a produción de leite dunha soa reprodutora, independentemente da especie:

a) Se a diferenza entre o control leiteiro oficial ordinario e a auditoría está entre o 20 por cento e o 30 por cento, anularase a produción do último control do animal e substituirase pola da auditoría.

b) Se a diferenza entre control leiteiro oficial ordinario e a auditoría é superior ao 30 por cento, anularase a lactación en curso do animal.

3.2 Irregularidades por parte do controlador autorizado.

a) O centro autonómico de control leiteiro informará por escrito o controlador autorizado de todas as irregularidades que se detecten na actuación deste.

b) O centro autonómico de control leiteiro, logo de coñecemento e acordo dos órganos competentes da comunidade autónoma, poderá deixar sen efecto o nomeamento dos controladores autorizados se detectase unha reiteración manifesta de irregularidades.

c) En ningún caso, as irregularidades detectadas fóra do ámbito de responsabilidade do titular da explotación comportarán efectos negativos, directos ou indirectos, que este deba soportar.

3.3 Irregularidades por parte do titular da explotación.

a) O centro autonómico de control leiteiro informará por escrito o titular da explotación e as organizacións e asociacións afectadas de todas as irregularidades que sexan detectadas e, especialmente, se se impedise ou se obstaculizase a realización do control leiteiro oficial ordinario ou da auditoría.

b) O centro autonómico de control leiteiro, logo de coñecemento e acordo dos órganos competentes da comunidade autónoma e a organización ou asociación correspondente, poderá retirar do control leiteiro oficial a explotación.

c) A retirada dunha explotación do control leiteiro oficial, por acordo do centro autonómico de control leiteiro, seralles comunicada ás organizacións ou asociacións e suporá, de forma inmediata, a proposta de baixa da explotación no libro xenealóxico da raza e o seu estudo pola xunta directiva da organización que os xestione.

## ANEXO II

### Regulamento do control leiteiro oficial do gando bovino

#### 1. Métodos de control leiteiro oficial.

1.1 Método A4 en explotacións de dúas muxiduras (2x). Consiste no control en explotacións de dúas muxiduras, cada catro semanas:

- a) Da cantidade de leite producido nas dúas muxiduras a que se someten as reprodutoras en 24 horas, e
- b) Da recollida dunha mostra de leite composta por leite procedente de cada unha das dúas muxiduras.

1.2 Método A4 en explotacións de tres muxiduras (3x). Consiste no control en explotacións de tres muxiduras, cada catro semanas:

- a) Da cantidade de leite producido nas tres muxiduras a que se someten as reprodutoras en 24 horas, e
- b) Da recollida dunha mostra de leite composta por leite procedente de cada unha das tres muxiduras.

1.3 Método A4 con recollida alterna da mostra en dúas muxiduras (2x). É o método A4 modificado, e consiste no control en explotacións de dúas muxiduras, cada catro semanas:

- a) Da cantidade de leite producido nas dúas muxiduras a que se someten as reprodutoras en 24 horas, e
- b) Da recollida dunha mostra cada día de control nunha das muxiduras de forma alterna, un mes pola mañá e ao control seguinte pola tarde, e así sucesivamente.

1.4 Método A4 con recollida alterna da mostra en tres muxiduras (3x). É o método A4 modificado, e consiste no control en explotacións de tres muxiduras, cada catro semanas:

- a) Da cantidade de leite producido nas tres muxiduras a que se someten as reprodutoras en 24 horas, e



b) Da recollida dunha mostra procedente do leite producido en dúas das muxaduras que se controlaron, alternándose un mes nas muxaduras de mañá e mediodía; ao control seguinte, a mediodía e pola tarde, e no terceiro control, pola tarde e pola mañá do día seguinte, e así sucesivamente.

1.5 Método A4 con recollida alterna dunha única mostra en tres muxaduras (3x). É o método A4 modificado, variante do descrito no punto 1.4, e consiste no control en explotacións de tres muxaduras, cada catro semanas:

a) Da cantidade de leite producido nas tres muxaduras a que se someten as reprodutoras en 24 horas, e

b) Da recollida dunha única mostra por cada día de control, alternándose un mes na muxadura de mañá; ao control seguinte, a mediodía, e no terceiro mes, pola tarde, e así sucesivamente.

1.6 Método AT4 en dúas muxaduras (2x). Consiste no control en explotacións de dúas muxaduras, cada catro semanas:

a) Dun só control da cantidade de leite producido un día ao mes, alternándose un mes na muxadura da mañá e ao control seguinte na da tarde, e

b) Da recollida dunha única mostra na muxadura controlada.

1.7 Método AT4 en tres muxaduras (3x). Consiste no control en explotacións de tres muxaduras, cada catro semanas:

a) De dous controis da cantidade de leite producido un día ao mes, alternándose un mes nas muxaduras de mañá e mediodía; ao control seguinte, a mediodía e pola tarde, e no terceiro control, pola tarde e pola mañá do día seguinte, e así sucesivamente, e

b) Da recollida dunha mostra procedente do leite producido nas dúas muxaduras que se controlaron.

1.8 Método aplicado en explotacións con muxadura automatizada (robot de muxadura) (Rx). Consiste no control de forma automática mediante sistemas robotizados, cada catro semanas, e independentemente do número de muxaduras:

a) Da produción de leite obtido en 24 horas de cada un dos animais muxidos.

b) A recollida da mostra de cada un dos animais poderase realizar de dúas maneiras:

1.<sup>a</sup> Unha soa mostra, correspondente á primeira muxadura da vaca desde o inicio do control, ou

2.<sup>a</sup> Unha toma de mostra en cada unha das muxaduras a que se somete o animal en 24 horas.

Calquera outro método de control non se considera oficial, polo que todo dato recollido mediante métodos diferentes aos expostos se deberá marcar para non ser incluído nas avaliacións xenéticas.

## 2. Metodoloxía da recollida de datos.

2.1 Recollida de datos de produción. Na recollida dos datos produtivos do control leiteiro oficial terase en conta o seguinte:

2.1.1 Animais que se controlan. Controlaranse todas as vacas en produción e aquelas que acaban de parir, sempre que transcorresen cinco días ou máis desde a data do parto.

2.1.2 Datos recollidos. Rexistrarase a cantidade de leite producido por cada unha das vacas en muxadura, expresada en quilogramos.

2.1.3 Número de medicións de produción. Dependendo do método de control, o número de medicións será segundo se indica a continuación:

2.1.3.1 Método A4 en dúas muxaduras (2x). Realízanse dúas medicións de produción:

a) A primeira, na muxadura da tarde, e a segunda, na muxadura da mañá seguinte; ou ben,

b) A primeira, na muxadura da mañá, e a segunda, na da tarde do mesmo día.

2.1.3.2 Método A4 en tres muxaduras (3x). Realízanse tres medicións, unha por cada unha das muxaduras do día do control, é dicir, pola mañá, a mediodía e pola tarde.

2.1.3.3 Método A4 con recollida alterna de mostras en dúas muxaduras (2x). Realízanse dúas medicións de produción:

a) A primeira, na muxadura da tarde, e a segunda, na muxadura da mañá seguinte; ou ben,

b) A primeira, na muxadura da mañá, e a segunda, na da tarde do mesmo día.

2.1.3.4 Método A4 con recollida alterna de mostras en tres muxaduras (3x). Realízanse tres medicións de produción mensual, unha por cada unha das muxaduras do día do control, é dicir, pola mañá, a mediodía e pola tarde.

2.1.3.5 Método A4 con recollida alterna dunha única mostra en tres muxaduras (3x). Realízanse tres medicións de produción mensual, unha por cada unha das muxaduras do día do control, é dicir, pola mañá, a mediodía e pola tarde.

2.1.3.6 Método AT4 en dúas muxaduras (2x). Realízase unha medición de produción, alternándose un mes na muxadura da mañá e o seguinte control na muxadura da tarde, e así sucesivamente.

2.1.3.7 Método AT4 en tres muxaduras (3x). Realízanse medicións de produción en dúas das tres muxaduras, alternándose un mes nas muxaduras de mañá e mediodía; ao control seguinte, a mediodía e pola tarde, e no terceiro control, pola tarde e pola mañá do día seguinte, e así sucesivamente.

2.1.3.8 Método aplicado en gandarías con muxadura automatizada (Rx). Recollerase, mediante sistemas automatizados, toda a produción correspondente ás 24 horas posteriores á hora de inicio do control.

2.1.4 Tipos de medidores. Os medidores utilizados no control leiteiro oficial (dinamómetros, balanzas, volumétricos, porcentuais e electromagnéticos, etc.), deben estar homologados e aprobados pola Comisión nacional do control leiteiro oficial ou o centro autonómico de control leiteiro seguindo as normas do ICAR.

2.1.5 Escala de medida. A produción exprésase en quilogramos. A medición poderá ser volumétrica (expresada en litros) ou ponderal (expresada en quilogramos). O factor de conversión de peso a volume é de 1,030.

2.1.6 Periodicidade de medición. A periodicidade da medición deberá ser mensual cunha oscilación entre os 26 e os 33 días, ambos inclusive. No caso de que un control coincida coas vacacións do controlador autorizado, o intervalo en días entre controis pode ser superior a 33 días, pero sempre inferior ou igual a 67 días.

Non obstante o anterior, permítese intervalos inferiores a 26 días entre controis, sempre que sexan debidos á reorganización do traballo dos controladores autorizados.

2.1.7 **Contrastación de medidores.** A contrastación de medidores é obrigatoria e será realizada polo centro autonómico de control leiteiro ou quen este decida, cunha periodicidade anual, ademais dunha mensual realizada polo controlador autorizado por comparación da cantidade de leite controlado na muxidura e o existente no tanque, se non existen circunstancias que o impidan (grupo de leite de vacas con mamite, de leite con antibióticos ou outras). No caso dos medidores porcentuais, a comprobación mensual tamén se poderá realizar por comparación con medidores volumétricos.

2.1.8 **Codificación de incidencias nos controis.** As incidencias que se produzan no control e que afecten individualmente cada vaca débense rexistrar seguindo a codificación que vén a continuación:

Código	Incidencia
01	Control estimado en leite, graxa e proteína.
02	Estimación de leite.
03	Estimación de graxa.
04	Estimación de proteína.
05	Estimación de graxa e proteína.
10	Administración de oxitocina.
11	Produción alterada por celo.
12	Produción alterada por mamite.
13	Produción alterada por enfermidade sistémica.
14	Produción alterada por coxeira.
15	Produción alterada por outras causas que aumentan a produción.
16	Produción alterada por outras causas que diminúen a produción.
20	Intervalo inferior a 26 días respecto ao control anterior por reorganización de control leiteiro.

Será responsabilidade do centro autonómico de control leiteiro a asignación dos códigos 01, 02, 03, 04 e 05. O resto de incidencias recolleraas o controlador autorizado na explotación.

2.2 **Número de mostras recollidas.** A recollida das mostras realizarase ao mesmo tempo que a medición de produción e da seguinte maneira, segundo sexa o método de control:

2.2.1 **Método A4 en dúas muxiduras (2x).** Toma de mostra en cada unha das dúas muxiduras, nunha cantidade representativa á muxida en cada unha delas. Ao final da xornada conformarase unha única mostra, procedente da mestura homoxénea das dúas tomas de leite realizadas.

2.2.2 **Método A4 en tres muxiduras (3x).** Toma de mostras en cada unha das tres muxiduras controladas. A cantidade de mostra recollida será representativa da cantidade de leite muxido. Ao final da xornada conformarase unha única mostra, procedente da mestura homoxénea das tres tomas.

2.2.3 **Método A4 con recollida alterna de mostras en dúas muxiduras (2x).** Recollida dunha única mostra ao mes, de tal forma que se un mes se recolle na muxidura da tarde, ao control seguinte recollerase na muxidura da mañá.

2.2.4 **Método A4 con recollida alterna de mostras (3x).** Toma de dúas mostras por cada día de control, alternándose un mes nas muxiduras de mañá e mediodía; de mediodía e tarde, o control seguinte, e de tarde e mañá do día seguinte no terceiro control, e así sucesivamente. A cantidade de mostra recollida será representativa da cantidade de leite muxido. Unha vez recollida a segunda mostra, conformarase unha única mostra, procedente da mestura homoxénea das dúas tomas.

2.2.5 **Método A4 con recollida alterna dunha única mostra en tres muxiduras (3x).** Toma dunha mostra nunha das tres muxiduras no día de control, realizándose un mes pola mañá; o control seguinte, a mediodía, e o terceiro control pola tarde, e así sucesivamente.

2.2.6 **Método AT4 en dúas muxiduras (2x).** Recóllese unha única mostra mensual na muxidura controlada no mes correspondente.

2.2.7 **Método AT4 en tres muxiduras (3x).** Toma de mostras nas muxiduras controladas, é dicir, alternándose un mes nas muxiduras de mañá e mediodía; de mediodía e tarde, o control seguinte, e de tarde e mañá do día seguinte no terceiro control, e así sucesivamente. A cantidade de mostra recollida deberá ser representativa da cantidade de leite da muxidura. Unha vez realizado o control da segunda muxidura, conformarase unha única mostra, procedente da mestura homoxénea das dúas tomas.

2.2.8 **Método aplicado en gandarías con muxidura automatizada (Rx).** A recollida de mostras realízase o propio robot de muxidura. Pódese recoller unha única mostra por animal muxido, que será a correspondente á primeira muxidura desde a hora do inicio do control, ou ben se recollerá unha mostra de cada animal en cada unha das muxiduras a que se somete nas 24 horas do control, conformando unha mostra global de todas elas.

2.3 **Datos de control leiteiro oficial.** Os controladores autorizados recollerán, directa ou indirectamente, cada vez que realicen un control, os seguintes datos:

2.3.1 **Datos obrigatorios.** En relación co control leiteiro oficial, os datos que se deberán recoller serán:

2.3.1.1 **Identificación da explotación controlada.** Coa identificación establecida oficialmente.

2.3.1.2 **Data de control.** Co seguinte formato: dd/mm/aaaa.

2.3.1.3 **Identificación do controlador autorizado.** Mediante o seu código de identificación asignado polo centro autonómico de control leiteiro.

2.3.1.4 **Método de control.** Este dato indica a muxidura en que se realizou o control e na cal se recolleu a mostra. Deberanse codificar os seguintes tipos:

Código	Método de control
1T	Método AT4 en 2x, con control de produción e toma de mostra pola tarde.
1M	Método AT4 en 2x, con control de produción e toma de mostra pola mañá.
2T	Método A4 en 2x, con control de produción nas dúas muxiduras e toma de mostra na muxidura da tarde.
2M	Método A4 en 2x, con control de produción nas dúas muxiduras e toma de mostra na muxidura da mañá.
22	Método A4 en 2x, con control de produción e toma de mostra nas dúas muxiduras.
31	Método A4 en 3x, con control de produción nas tres muxiduras, e toma dunha soa mostra, ben pola mañá, ben a mediodía, ben pola tarde.
32	Método AT4 en 3x, con control de produción e toma de mostra en dúas muxiduras, pola mañá e a mediodía do mesmo día, a mediodía e pola tarde do mesmo día ou pola tarde dun día e pola mañá do día seguinte.
33	Método A4 en 3x, con control de produción e toma de mostra nas tres muxiduras.

Código	Método de control
34	Método A4 en 3x, con control de produción nas tres muxiduras e toma de mostra en dúas das tres muxiduras controladas, pola mañá e a mediodía do mesmo día, a mediodía e pola tarde do mesmo día ou pola tarde dun día e pola mañá do día seguinte.
n1	En muxiduras robotizadas, con control de produción correspondente ás 24 horas posteriores á hora de inicio do control e toma dunha mostra de cada vaca, que será a primeira desde o inicio do control.
nn	En muxiduras robotizadas, con control de produción correspondente ás 24 horas posteriores á hora de inicio do control e obtención dunha mostra por cada muxidura a que se someta a vaca.

2.3.1.5 Horarios de muxidura e intervalo horario. O intervalo horario indica o tempo transcorrido, expresado en horas, entre a muxidura realizada e a anterior. Os datos que se deben recoller son as horas a que se realizan as muxiduras para calcular posteriormente os intervalos horarios. A codificación destes é aberta, poderá abarcar calquera intervalo horario e seguirá o seguinte patrón:

Código	Intervalo horario
040	De 3 h 46 min. a 4 h 15 min. («4 h 00 min.»)
045	De 4 h 16 min. a 4 h 45 min. («4 h 30 min.»)
050	De 4 h 46 min. a 5 h 15 min. («5 h 00 min.»)
055	De 5 h 16 min. a 5 h 45 min. («5 h 30 min.»)
060	De 5 h 46 min. a 6 h 15 min. («6 h 00 min.»)
065	De 6 h 16 min. a 6 h 45 min. («6 h 30 min.»)
070	De 6 h 46 min. a 7 h 15 min. («7 h 00 min.»)
075	De 7 h 16 min. a 7 h 45 min. («7 h 30 min.»)
080	De 7 h 46 min. a 8 h 15 min. («8 h 00 min.»)
085	De 8 h 16 min. a 8 h 45 min. («8 h 30 min.»)
090	De 8 h 46 min. a 9 h 15 min. («9 h 00 min.»)
095	De 9 h 16 min. a 9 h 45 min. («9 h 30 min.»)
100	De 9 h 46 min. a 10 h 15 min. («10 h 00 min.»)
105	De 10 h 16 min. a 10:45 min. («10 h 30 min.»)
110	De 10 h 46 min. a 11:15 min. («11 h 00 min.»)
115	De 11 h 16 min. a 11:45 min. («11 h 30 min.»)
120	De 11 h 46 min. a 12:15 min. («12 h 00 min.»)
125	De 12 h 16 min. a 12:45 min. («12 h 30 min.»)
130	De 12 h 46 min. a 13:15 min. («13 h 00 min.»)
135	De 13 h 16 min. a 13:45 min. («13 h 30 min.»)
140	De 13 h 46 min. a 14:15 min. («14 h 00 min.»)
145	De 14 h 16 min. a 14:45 min. («14 h 30 min.»)

No método A4 recolleranse as horas a que se producen as muxiduras controladas, e en AT4, a hora da muxidura controlada e a da anterior.

2.3.1.6 Identificación dos animais. As identificacións posibles son as seguintes:

a) Identificacións oficiais: é obrigatoria a identificación oficial establecida no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Non obstante, as asociacións poden manter como sistema complementario, e para efectos do control leiteiro oficial, o código de rexistro do libro xenealóxico da raza.

b) Identificacións opcionais: raza, ano de nacemento, xenealoxía e código de manexo.

2.3.1.7 Partos. Datos que lle serán subministrados ao controlador polo titular da explotación, e verificados polo controlador.

2.3.1.7.1 Data de parto: co seguinte formato: dd/mm/aaaa.

2.3.1.7.2 Número de parto: número de orde do parto da reprodutora a que pertence a muxidura que se controla.

2.3.1.7.3 Sexo da cría ou tipo de parto: codifícanse os seguintes casos:

Código	Sexo/tipo de parto
0	Sexo descoñecido.
1	Macho.
2	Femia.
3	Xemelgos machos.
4	Xemelgos femia.
5	Xemelgos macho e femia.
6	Parto triplo ou superior.
7	Cruzamento industrial.
8	Aborto seguido de lactación.
9	Aborto sen lactación.
10	Nacido morto.

2.3.1.8 Finalización da lactación. Distingúense dous tipos de finalización da lactación: a baixa e o secado.

Os datos relacionados co secado e coas baixas dos animais presentes en control leiteiro oficial deben ser facilitados ao controlador autorizado polo titular da explotación.

O secado deberase asignar en todo animal que no último control teña unha produción diaria inferior a catro quilogramos de leite.

Os datos que se deben recoller son os seguintes:

2.3.1.8.1 Datos:

a) De secado: recollerase preferentemente a data real de secado e, se non é posible, adxudicarase as seguintes:

1.<sup>a</sup> Normal estimado. A correspondente a 14 días despois do último control efectuado.

2.<sup>a</sup> Estimado por vacacións. No caso en que o secado se producise no período de vacacións do controlador autorizado, a data asignada será a do último control efectuado máis 30 días.

3.<sup>a</sup> Parto ou aborto sen período previo de secado. A data será a do día anterior ao parto ou ao aborto.

b) De baixa: en canto á data de baixa, anotarase sempre que sexa posible a data real, e en caso contrario, anotarase como tal o día seguinte ao da data do secado.

2.3.1.8.2 Tipo.

a) De secado: codifícanse da seguinte forma:

Código	Secado
0	Real.
1	Normal estimado.
2	Estimado por vacacións.
3	Parto ou aborto sen período de secado.

b) De baixa: á hora de anotar a causa de baixa rexistrárase, en caso de se daren varias delas, a máis importante. O tipo de baixa codificarase como segue:

Código	Causa de baixa
1	Morte.
2	Sacrificio urxente.
3	Sacrificio por improdutividade.
4	Sacrificio por mamite.
5	Sacrificio por infertilidade.
6	Sacrificio por campaña de saneamento.
7	Sacrificio por outras causas.
8	Venda a explotación descoñecida ou fóra de control leiteiro oficial.
9	Traslado (venda a explotación coñecida e en control leiteiro oficial).
10	Explotación de baixa en control leiteiro oficial.

2.3.1.9 Cubricións. Os datos das cubricións subministrarallos o titular da explotación ao controlador. Os datos rexistrados son os seguintes:

2.3.1.9.1 Tipo de cubrición: o tipo de cubrición codifícarase da forma seguinte:

Código	Tipo de cubrición
1	Inseminación artificial.
2	Monta natural.
3	Transplante embrionario.

2.3.1.9.2 Transplante de embrións: no caso do transplante de embrións consignarase o código de identificación oficial dos pais do embrión.

2.3.1.9.3 Outros datos:

a) Identificación da vaca inseminada: mediante o seu código de identificación oficial.

b) Identificación do touro: mediante código de identificación oficial, contrastándoa, a ser posible, co vial ou dose seminal correspondente.

c) Código de inseminación: código asignado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo a normativa do ICAR.

d) Data de cubrición ou de implantación do embrión.

e) Identificación do inseminador: o inseminador deberase rexistrar cun código.

2.3.1.10 Prácticas de rutina. O controlador autorizado indicará o tipo de incidencia que poida afectar a produción de toda a explotación, relacionado co manexo na explotación, como por exemplo os cambios na alimentación, tratamentos zosanitarios, cambios na estabulación, corte do fluído eléctrico, etc.

2.3.2 Datos opcionais. A criterio das organizacións ou asociacións e decisión do centro autonómico de control leiteiro, poderanse recoller os seguintes datos de forma opcional:

2.3.2.1 Leite en tanque. Tomarase unha mostra do tanque para a súa análise. Para coñecer a cantidade de leite producido na muxidura medirase a cantidade de leite antes e despois daquela.

2.3.2.2 Duración da muxidura. Rexistrarase a hora do comezo e do final da muxidura.

2.3.2.3 Diagnóstico de xestación. O diagnóstico da xestación recollerao o controlador autorizado na explotación, a partir dos datos dispoñibles e rexistrados na explotación. Os datos recollidos serán:

2.3.2.3.1 Tipo de diagnóstico:

a) Clínico: é o realizado polos veterinarios, mediante medios técnicos adecuados para realizar este tipo de prácticas.

b) Empírico: cando non se dispón do diagnóstico clínico, procederáse a considerar preñada unha vaca que non volveu saír ao celo tres meses despois de se ter cuberto de forma natural ou sometida a inseminación artificial ou transplante de embrións.

2.3.2.3.2 Datos recollidos e codificación:

a) Data do diagnóstico: no caso do diagnóstico clínico, rexistrarase a data en que este se realizou, mentres que no caso do diagnóstico empírico se consignará a data correspondente a tres meses despois da última inseminación.

b) Resultado: mediante a seguinte codificación:

Código	Resultado
0	Negativo ou vaca baleira.
1	Positivo ou vaca preñada.

2.3.2.4 Datos relacionados cos partos. Dato recollido polo controlador autorizado na explotación a partir dos datos dispoñibles e rexistrados na explotación. Os datos que se recollen por vaca son:

2.3.2.4.1 Dificultade ao parto: a dificultade ao parto codifícarase da seguinte maneira:

Código	Dificultade de parto
0	Sen avaliar.
1	Parto fácil (sen axuda).
2	Parto normal (con lixeira axuda).
3	Parto difícil (forte tracción).
4	Cesárea ou fetotomía con presentación normal.
5	Presentación anormal do becerro, incluídas as cesáreas e as fetotomías debidas a este problema.

2.3.2.4.2 Retención de placenta: esta incidencia codifícarase da seguinte maneira:

Código	Retención placenta
S	Retención ás 12 horas tras o parto.
N	Non retención de placenta.

2.3.2.4.3 Conformación da cría: utilízase en cruzamento industrial e razas de carne. Codifícarase da seguinte maneira:

Código	Conformación cría
0	Sen determinar.
1	Moi boa.
2	Boa.
3	Regular.
4	Mala.

2.3.2.4.4 Tamaño da cría: o resultado codifícarase da seguinte maneira:

Código	Tamaño cría
0	Descoñecido.
1	Cría pequena.
2	Cría normal.
3	Cría grande.

2.3.2.5 Velocidade de muxidura: recollerase nunha ocasión nas vacas de primeira lactación, entre os controis segundo e sexto. Codificarase da seguinte maneira:

Código	Velocidade de muxidura
0	Descoñecido.
1	Rápido (máis fácil que a media).
2	Normal (media).
3	Lento (máis difícil que a media).

3. Xestión e procesamento dos datos de control leiteiro oficial:

3.1 Filtros aplicados na informatización dos datos.

3.1.1 Filtros aplicados ás datas de control:

a) O primeiro control subseguinte ao parto debe estar comprendido entre os días 5 e 37, ambos inclusive. O intervalo medio entre dous controis é de 30 días, que poderá oscilar entre 26 e 33, ambos inclusive.

Para o cálculo de produción, natural ou normalizada, permítese a existencia de intervalos entre controis inferiores a 26 días, sempre que se deban á reorganización do traballo dos controladores.

b) Só se permiten dous intervalos entre controis superiores a 33 días e inferiores ou iguais a 67 nos primeiros 305 días de lactación. Se o primeiro control se efectuou despois do día 37 e antes do 68, ambos inclusive, considérase utilizado un dos intervalos permitidos de máis de 33 días nos primeiros 305 días de lactación.

3.1.2 Filtros aplicados ao secado:

a) É necesario marcar se a data de secado é real, normal estimada, estimada por vacacións ou por parto ou aborto sen período de secado previo.

b) Se o secado foi normal estimado, a data de secado será posterior en 14 días á data do último control. No caso de que o secado se estimase e se producise en vacacións do controlador, a data de secado será 30 días despois do último control efectuado.

c) As datas de secado deben ser anteriores á data en curso e posteriores á data de parto.

d) A data de secado debe ser posterior á data do último control realizado na lactación.

3.1.3 Filtros aplicados aos datos de parto:

a) É obrigatorio adxudicar un parto a unha vaca para dar de alta unha nova lactación.

b) A data de parto debe ser anterior á data en curso.

c) O número de parto debe ser superior ou igual a 1 e inferior ou igual a 20.

d) Para dar de alta un parto, a lactación anterior debe ter finalizado. A data de parto e a de secado da lactación anterior non poden coincidir, nin ser posterior a de secado á do parto.

e) O intervalo entre a cubrición e o parto débese encontrar entre os 240 e os 300 días.

f) Non se poden rexistrar os datos dun diagnóstico se anteriormente non se rexistrou unha cubrición ou transplante de embrións.

g) É necesario recoller os datos de tipo de parto (sexo do becerro, parto simple, de xemelgos ou triplo, etc.).

h) No caso de se rexistar un aborto, considerárase que comeza unha nova lactación se con respecto á data de inseminación fecundante transcorreron 210 días ou máis. No caso de non se coñecer a data da cubrición, considerárase unha nova lactación tras o aborto se transcorreron 270 días ou máis desde o parto anterior.

i) Deberase comprobar a correcta identificación de ambos os proxenitores (no caso dun transplante de embrións, da femia doadora e a receptora, ademais do pai).

j) Toda lactación debe ir asociada a un animal e á explotación onde se levou a cabo.

k) Todo control debe ir asociado á explotación onde este se efectuou.

3.1.4 Filtros aplicados aos datos de método de muxidura:

a) Os filtros limitáanse a detectar erros nos códigos de método de control e de intervalo horario que se informatizan.

b) Débese controlar a alternancia nos controis de tipo AT4 e A4 con recollida alterna de mostrás.

3.1.5 Filtros aplicados ás producións:

a) Os límites de produción diaria son os seguintes:

	Mínimo	Máximo
Kg de leite .....	4,0	99,9
% de graxa .....	1,5	9,00
% de proteína .....	2,00	6,00

b) Consideraranse datos faltantes aqueles en que, feito o control, se observa neste unha produción inferior ao 50 por cento da produción do control anterior; calcularanse da seguinte forma:

1.º No caso de falta do dato de produción de leite, este calcularase como:

A media entre as producións do control anterior e o posterior, ou

cando o dato faltante de quilogramos de leite se produza no primeiro control, considerárase que o control non se realizou.

2.º Se o dato faltante é o correspondente ás porcentaxes de graxa e proteína, considerárase que a porcentaxe de graxa ou proteína faltante é igual:

Á media entre a análise anterior e a seguinte.

Se se trata do primeiro control, estes serán iguais aos do control seguinte.

c) Deberase, mediante a codificación da táboa do punto 2.1.8 deste anexo, se se substituíu o dato faltante como se describe na alínea b) anterior.

A lactación considerárase finalizada cando a produción diaria sexa inferior a 4 quilogramos.

d) Para que a unha vaca se lle adxudiquen datos de produción debe ter parido e non figurar como vaca seca.

e) As correccións por estimación non poderán afectar todos os efectivos dunha explotación.

3.1.6 Filtros aplicados á analítica de control:

a) Débese comprobar se todo animal con datos de cantidade de leite posúe datos de analítica para, no caso de non os ter, introducir a información da causa pola cal non os posúe ou introducir o cálculo do dato que correspondería nese caso.

b) Os límites impostos aos resultados da analítica son os reflectidos no punto 3.1.5.a).

3.1.7 Filtros aplicados ás datas de nacemento: a data de nacemento debe ser anterior á data en curso.

3.2 Cálculo de producións. O centro autonómico de control leiteiro calculará as lactacións finalizadas mediante o método de interpolación ou, no seu defecto, mediante algún dos métodos aprobados polo ICAR, de acordo coa organización ou asociación á cal van destinados os datos. Calculará as seguintes producións de leite, graxa e proteína nas lactacións finalizadas:

3.2.1 Lactación natural: é a cantidade de leite, graxa e proteína que se produciu no transcurso de toda a lactación do animal.

3.2.2 Lactación normalizada a 305 días: é a cantidade de leite, graxa e proteína que se produciu nos primeiros 305 días de lactación. Normalizaranse aquelas lactacións dunha duración igual ou superior a 240 días. No caso de que a lactación teña unha duración inferior a 305 días, a produción natural e a normalizada serán iguais.

3.2.3 O número máximo admisible de controis faltantes nos primeiros 305 días de lactación é de dous.

4. Organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos. Para o cumprimento do disposto neste anexo, as organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos aplicarán, polo menos, os seguintes criterios aos datos que lles envíen os centros autonómicos de control leiteiro:

Filtros aplicados aos datos procedentes de control leiteiro oficial: ademais de comprobar os filtros aplicados en orixe (especificados no punto 3.1), os filtros que se aplicarán aos datos de controis mensuais son os seguintes:

- a) As datas de nacemento de animais en lactación deben ser posteriores ao ano 1980.
- b) As datas de parto de animais en lactación deben ser posteriores ao ano 1980.
- c) Comprobación da idade da vaca cando esta sexa igual ou superior a 17 anos.
- d) As datas de baixa ou de secado deben ser posteriores ao ano 1980.
- e) As lactacións repetidas analizaranse enviándoas ao centro autonómico de control leiteiro para a súa posterior corrección.

### ANEXO III

#### Regulamento de control leiteiro oficial do gando ovino

##### 1. Métodos de control leiteiro oficial.

1.1 Método A4. Consiste no control cada catro semanas, en explotacións de dúas muxiduras, sumando a cantidade de leite producido en cada unha das dúas muxiduras diarias e con recollida dunha mostra de leite, na muxidura da mañá (A4m), na da tarde (A4t) ou dunha mostra homoxeneizada de ambas.

1.2 Método AT4. Consiste no control cada catro semanas, en explotacións de dúas muxiduras, da cantidade de leite producido e con recollida dunha mostra de leite, alternándose un mes na muxidura da mañá (AT4m) e ao mes seguinte na da tarde (AT4t). Posteriormente, calcúlase a produción diaria de cada ovella mediante un factor de corrección (valor fixo determinado por cada esquema de selección) ou a súa achega proporcional ao leite recollido do conxunto de femias controladas. Para iso é necesari-

rio dispor da produción total diaria do conxunto de animais controlados.

1.3 Método AC4. Consiste en medir a produción e tomar unha mostra de leite dunha muxidura, sempre a mesma, cada catro semanas, pola mañá (AC4m) ou pola tarde (AC4t). Posteriormente, calcúlase a produción diaria de cada ovella mediante un factor de corrección (valor fixo determinado por cada esquema de selección) ou a súa achega proporcional ao leite recollido do conxunto das femias controladas. Para iso é necesario dispor da produción total diaria do conxunto de animais controlados.

Calquera outro método de control non se considera oficial, polo que todo dato recollido mediante métodos diferentes aos expostos deberá marcarse para non ser incluído nas avaliacións xenéticas.

##### 2. Metodoloxía da recollida de datos.

###### 2.1 Recollida de datos de produción.

Na recollida dos datos produtivos do control leiteiro oficial terase en conta o seguinte:

2.1.1 Animais que se van controlar. Controlaranse todas as ovellas en muxidura completa, sempre que transcorresen catro días, como mínimo, desde o comezo da muxidura exclusiva.

Non se controlarán aquelas ovellas que teñan cordeiros en aleitamento nin a ovellas que, por estaren en proceso de secado, se muxan unha soa vez ao día.

2.1.2 Datos recollidos. Rexistrárase a cantidade de leite producido por cada unha das ovellas en muxidura.

2.1.3 Tipo de medición. Os medidores utilizados no control leiteiro oficial (dinamómetros, balanzas, volumétricos, porcentuais e electromagnéticos, etc.), deben estar aprobados pola Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial ou o centro autonómico de control leiteiro seguindo as normas do ICAR.

2.1.4 Escala de medida. A produción exprésase en gramos. A medición poderá ser volumétrica (expresada en mililitros) ou ponderal (expresada en gramos). O factor de conversión de peso a volume é de 1,036.

2.1.5 Periodicidade de medición. A periodicidade da medición debe ser mensual cunha oscilación entre os 27 e os 34 días, ambos inclusive. O intervalo en días entre controis pode ser superior a 34 días, pero sempre inferior ou igual a 70 días. Se este período se excedese, a lactación será invalidada. Non obstante, poderanse realizar controis suplementarios cando sexa necesario.

Para o cálculo da lactación-tipo, será necesario realizar un mínimo de dous controis oficiais.

2.1.6 Contraste de medidores. O contraste de medidores é obrigatorio e será realizado polo centro autonómico de control leiteiro ou quen este decida, cunha periodicidade anual, ademais dunha mensual realizada polo controlador autorizado por comparación da cantidade de leite controlado na muxidura e o existente no tanque, sempre que non existan circunstancias sobrevidas que o impidan. No caso dos medidores porcentuais, a comprobación mensual tamén se poderá realizar por comparación con medidores volumétricos.

2.1.7 Codificación de incidencias nos controis. As incidencias que se produzan no control e que afecten individualmente cada ovella débense rexistrar seguindo a codificación que vén a continuación:

Código	Incidencia
01	Control estimado en leite, graxa e proteína.
02	Estimación de leite.
03	Estimación de graxa.
04	Estimación de proteína.
05	Estimación de graxa e proteína.
06	Estimación de extracto seco.

## 2.2 Datos de control leiteiro oficial.

Os controladores autorizados recollerán, directa ou indirectamente a través da información do libro xenealóxico, cada vez que realicen un control, os seguintes datos:

2.2.1 Datos obrigatorios. En relación co control leiteiro, os datos que se deberán recoller serán:

2.2.1.1 Identificación da explotación controlada. Coa identificación establecida oficialmente.

2.2.1.2 Data de control. cos seguintes díxitos: dd/mm/aaaa.

2.2.1.3 Identificación do controlador autorizado. Mediante o seu código de identificación asignado polo centro autonómico de control leiteiro.

2.2.1.4 Método de control. Este dato indica a muxidura en que se realizou o control e na cal se recolleu a mostra. Débense codificar os seguintes tipos:

Código	Método de control
A4m	Cada catro semanas. Clásico de mañá.
A4t	Cada catro semanas. Clásico de tarde.
AT4m	Cada catro semanas. Alternante de mañá.
AT4t	Cada catro semanas Alternante de tarde.
AC4m	Cada catro semanas sempre pola mañá.
AC4t	Cada catro semanas sempre pola tarde.

2.2.1.5 Identificación dos animais. As identificacións posibles son as seguintes:

a) Identificacións oficiais: para os efectos do control leiteiro oficial, son considerados como tales tanto o código de rexistro xenealóxico do libro xenealóxico da raza como aqueles sistemas que a normativa específica poida establecer.

b) Identificacións opcionais: raza, ano de nacemento, xenealoxía e código de manexo.

2.2.1.6 Partos. Datos que lle serán subministrados ao controlador autorizado polo titular da explotación ou polas organizacións ou asociacións.

2.2.1.6.1 Data de parto: co seguinte formato: dd/mm/aaaa.

2.2.1.6.2 Sexo da cría ou tipo de parto: codifícanse os seguintes casos:

Código	Sexo/tipo de parto
1	Simple.
2	Dobre.
3	Triplo.
4	Cuádruplo ou máis.
5	Aborto seguido de lactación.
6	Aborto sen lactación.

2.2.1.7 Prácticas de rutina. O controlador autorizado indicará o tipo de incidencia que poida afectar a produción de toda a explotación.

2.2.2 Datos opcionais. A criterio das organizacións ou asociacións e decisión do centro autonómico de control leiteiro, poderanse recoller os seguintes datos de forma opcional:

2.2.2.1 Leite en tanque. Tomarase unha mostra do tanque para a súa análise. Para coñecer a cantidade de leite producido na muxidura medirase a cantidade de leite antes e despois desta.

2.2.2.2 Cubricións. Dato obtido a partir das declaracións ao libro xenealóxico. Os datos rexistrados son os seguintes:

2.2.2.2.1 Tipo de cubrición: o tipo de cubrición codifícarase da forma seguinte:

Código	Tipo de cubrición
1	Monta natural.
2a	Inseminación artificial con seme fresco.
2b	Inseminación artificial con seme conxelado.
3	Transplante de embrións.

2.2.2.2.2 Transplante de embrións: no caso do transplante de embrións consignarase o código de identificación oficial dos pais do embrión.

3. Xestión e procesamento dos datos de control leiteiro oficial.

3.1 Filtros aplicados na informatización dos datos.

3.1.1 Filtros aplicados ás datas de control:

a) O primeiro control subseguinte ao parto debe estar comprendido entre os días 4 e 70, ambos inclusive.

b) O intervalo medio entre dous controis debe ser de 30 días, de acordo co establecido no punto 2.1.5 do anexo III.

3.1.2 Filtros aplicados aos datos de parto:

a) É obrigatorio adxudicar un parto ou aborto seguido de lactación a unha ovella para dar de alta unha nova lactación.

b) A data de parto ou aborto debe ser anterior á data en curso.

c) O número de parto debe ser superior ou igual a 1 e inferior ou igual a 20.

d) O intervalo entre a fecundación e o parto débese encontrar entre os 140 e 160 días.

e) Toda lactación debe ir asociada a unha explotación.

f) Todo control debe ir asociado á explotación onde este se efectuou

3.1.3 Filtros aplicados aos datos de método de muxidura:

a) Os filtros limitanse a detectar erros nos códigos de método de control e de intervalo horario, se o houber, que se informatizan.

b) Débese controlar a alternancia nos controis AT.

c) Débese revisar o coeficiente multiplicador resultante de cada control AC4. Valores por debaixo de 1,60 ou superiores a 2,40, implicarán a revisión dos factores que toman parte na obtención do dito coeficiente.

3.1.4 Filtros aplicados ás producións:

a) Os límites de produción diaria son os seguintes:

	Mínimo	Máximo
kg de leite .....	0,2	9
% de graxa .....	3	12
% de proteína .....	3	8
Extracto seco .....	4	25

b) No caso de falta do dato de produción de leite, este calcularase como:

1.º A media entre as producións do control anterior e o posterior, ou

2.º Cando o dato faltante de quilogramo de leite se produza no primeiro control, considerarase que o control non se realizou.

c) Se o dato faltante é o correspondente ás porcentaxes de graxa e proteína, considerarase que a porcentaxe de graxa ou proteína faltante é igual:

1.º Á media resultante dos controis anterior e posterior.

2.º De se tratar do primeiro control, estes serán iguais á media resultante dos dos controis posteriores.

d) Para que a unha ovella se lle adxudiquen datos de produción debe ter parido e non figurar como ovella seca.

#### 3.1.5 Filtros aplicados á analítica de control:

a) Débese comprobar se todo animal con datos de cantidade de leite posúe datos de analítica para que, no caso de non os ter, introducir a información da causa pola cal non os posúe ou introducir o cálculo do dato que correspondería nese caso.

b) Os límites impostos aos resultados da analítica son os reflectidos no punto 3.1.4.a).

3.1.6 Filtros aplicados ás datas de nacemento: a data de nacemento debe ser anterior á data en curso.

3.2 Cálculo de producións: o centro autonómico de control leiteiro calculará as lactacións finalizadas mediante o método de interpolación ou, no seu defecto, mediante algún dos métodos aprobados polo ICAR, de acordo coa organización ou asociación a que van destinados os datos. Calculará as seguintes producións de leite, graxa, proteína e extracto seco nas lactacións finalizadas:

3.2.1 Lactación natural: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu no transcurso de toda a lactación do animal, é dicir, desde o parto ata o secado.

3.2.2 Lactación normalizada a 120 días en muxidura exclusiva: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o día 30 posparto ata o día 120 de lactación.

3.2.3 Lactación normalizada a 120 días: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o día do parto ata o día 120 de lactación.

3.2.4 Lactación normalizada a 6 por cento de graxa e 120 días: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o parto ata o día 120 de lactación, estandarizada ao seis por cento de graxa.

4. Organizacións ou asociacións recoñecidas oficialmente para a xestión dos libros xenealóxicos.

Para o cumprimento do disposto neste anexo, as organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos aplicarán, polo menos, os seguintes criterios aos datos que lles envíen os centros autonómicos de control leiteiro:

a) A lactación debe ter unha duración igual ou superior a 100 días en femias de primeiro parto e a 120 en femias de segundo parto ou sucesivos.

b) O número máximo admisible de controis faltantes na lactación válida é de un.

## ANEXO IV

### Regulamento de control leiteiro oficial do gando caprino

#### 1. Métodos de control leiteiro oficial.

1.1 Método A4. Consiste no control cada catro semanas, que poderá oscilar entre 28 e 34 días, en explotacións dunha soa muxidura, da cantidade de leite producido e con recollida dunha mostra de leite.

1.2 Método A6. Consiste no control cada seis semanas, que poderá oscilar entre 39 e 45 días, en explotacións dunha soa muxidura, da cantidade de leite producido e con recollida dunha mostra de leite.

1.3 Método AT4. Consiste no control cada catro semanas, que poderá oscilar entre 28 e 34 días, en explotacións de dúas muxiduras, da cantidade de leite producido e con recollida dunha mostra de leite, alternándose un mes na muxidura da mañá (AT4m) e ao mes seguinte na da tarde (AT4t).

1.4 Método AT6. Consiste no control cada seis semanas, que poderá oscilar entre 39 e 45 días, en explotacións de dúas muxiduras, da cantidade de leite producido e con recollida dunha mostra de leite, alternándose un mes na muxidura da mañá (AT6m) e ao mes seguinte na da tarde (AT6t).

1.5 Método Simplificado ou MS. Método aplicado na parte de poboación sometida a menor presión de selección, consistente na mostraxe da cantidade de leite producido en, polo menos, tres controis ao longo da lactación e independentemente do tipo de muxidura que teña a explotación.

Calquera outro método de control non se considera oficial, polo que todo dato recollido mediante métodos diferentes aos expostos deberá marcarse para non ser incluído nas avaliacións xenéticas.

#### 2. Metodoloxía da recollida de datos.

2.1. Na recollida dos datos produtivos do control leiteiro oficial terase en conta o seguinte:

2.1.1 Animais que se van controlar. Controlaranse todas as cabras en muxidura completa, controladas o mes anterior, e as cabras que acaban de parir, sempre que transcorresen 10 días ou máis desde a data do parto.

Non se controlarán aquelas femias que teñan cabritos en aleitamento.

2.1.2 Datos recollidos. Rexistraranse a cantidade de leite producido por cada unha das cabras en muxidura.

2.1.3 Tipo de medición. Os medidores utilizados no control leiteiro oficial (dinamómetros, balanzas, volumétricos, porcentuais e electromagnéticos, etc.), deben estar homologados e aprobados pola Comisión Nacional do Control Leiteiro Oficial ou polo Centro Autonómico de Control Leiteiro, seguindo as normas do ICAR.

2.1.4 Escala de medida. A produción expresarase en gramos. A medición poderá ser volumétrica (expresada en mililitros) ou ponderal (expresada en gramos). O factor de corrección desde peso a volume será de 1,032.

2.1.5 Periodicidade de medición. A periodicidade da medición deberá ser mensual cunha oscilación, dependendo do método de control, entre os 28 e os 45 días, ambos inclusive, con excepción do método simplificado. Poderanse realizar controis con intervalos menores a 28 días en caso necesario.

Para o cálculo da lactación-tipo, será necesario realizar un mínimo de tres controis oficiais para femias de



primeiro parto e catro para as de segundo parto e sucesivos.

2.1.6 **Contraste de medidores.** O contraste de medidores é obrigatorio e será realizado polo centro autonómico de control leiteiro ou quen este decida, cunha periodicidade anual, ademais dunha semestral realizada polo controlador por comparación da cantidade de leite controlado na muxidura e o existente no tanque, sempre que non existan circunstancias sobrevidas que o impidan. No caso dos medidores porcentuais, a comprobación semestral tamén se poderá realizar por comparación con medidores volumétricos.

2.1.7 **Codificación de incidencias nos controis.** As incidencias que se produzan no control e que afecten individualmente cada cabra débense rexistrar seguindo a codificación que vén a continuación:

Código	Incidencia
01	Control estimado en leite, graxa e proteína.
02	Estimación de leite.
03	Estimación de graxa.
04	Estimación de proteína.
05	Estimación de graxa e proteína.
06	Intervalo inferior a 28 días respecto ao control anterior por reorganización de control leiteiro oficial.
07	Estimación do extracto seco.

## 2.2 Datos de control leiteiro oficial.

Os controladores autorizados recollerán, directa ou indirectamente a través da información do libro xenealóxico, cada vez que realicen un control, os seguintes datos:

2.2.1 **Datos obrigatorios.** En relación co control leiteiro oficial, os datos que se deberán recoller serán:

2.2.1.1 **Identificación da explotación controlada.** Coa identificación establecida oficialmente.

2.2.1.2 **Data de control.** Cos seguintes díxitos: dd/mm/aaaa.

2.2.1.3 **Identificación do controlador autorizado.** Mediante o seu código de identificación asignado polo centro autonómico de control leiteiro.

2.2.1.4 **Método de control.** Este dato indica a muxidura en que se realizou o control e na cal se recolleu a mostra. Débense codificar os seguintes tipos:

Código	Método de control
A4	Clásico cada catro semanas.
A6	Clásico cada seis semanas.
AT4m	Alternante de mañá.
AT4t	Alternante de tarde.
AT6m	Alternante de mañá.
AT6t	Alternante de tarde.
MS	Simplificado.

2.2.1.5 **Horarios de muxidura e intervalo horario.** No método A4 e A6 e MS recolleranse as horas a que se producen as muxiduras controladas, e en AT4 e AT6, a hora da muxidura controlada e a da anterior.

2.2.1.6 **Identificación dos animais.** As identificacións posibles son as seguintes:

a) **Identificacións oficiais:** son considerados como tales tanto o código de rexistro xenealóxico do libro

xenealóxico da raza como aqueles sistemas que a normativa específica poida establecer.

b) **Identificacións opcionais:** raza, ano de nacemento, xenealoxía e código de manexo.

2.2.1.7 **Partos.** Datos que lle serán subministrados ao controlador autorizado polo titular da explotación ou polas organizacións ou asociacións:

2.2.1.7.1 **Data de parto:** cos seguintes díxitos: dd/mm/aaaa.

2.2.1.7.2 **Tipo de parto:** codifícanse os seguintes casos:

Código	Tipo de parto
1	Simple.
2	Dobre.
3	Triplo.
4	Cuádruplo ou máis.
5	Aborto seguido de lactación.
6	Aborto sen lactación.

2.2.1.8 **Prácticas de rutina.** O controlador autorizado indicará o tipo de incidencia que poida afectar a produción de toda a explotación.

2.2.2 **Datos opcionais.** A criterio da organización ou asociación e decisión do centro autonómico de control leiteiro, poderanse recoller os seguintes datos de forma opcional:

2.2.2.1 **Leite en tanque.** Tomarase unha mostra do tanque para a súa análise. Para coñecer a cantidade de leite producido na muxidura medírase a cantidade de leite antes e despois daquela.

2.2.2.2 **Duración da muxidura.** Recollerase a hora do comezo e do final de muxidura.

2.2.2.3 **Cubricións.** Dato obtido a partir das declaracións ao libro xenealóxico. Os datos rexistrados son os seguintes:

2.2.2.3.1 **Tipo de cubrición:** o tipo de cubrición codifícarase da forma seguinte:

Código	Tipo de cubrición
1	Monta natural.
2a	Inseminación artificial con seme fresco.
2b	Inseminación artificial con seme conxelado.
3	Transplante de embrións.

2.2.2.3.2 **Transplante de embrións:** no caso de transplante de embrións consignarase o código de identificación dos pais do embrión.

2.2.2.4 **Diagnóstico de xestación.** O diagnóstico da xestación recollerao o controlador autorizado na explotación, a partir dos datos dispoñibles e rexistrados na explotación. Os datos recollidos serán:

2.2.2.4.1 **Tipo de diagnóstico:**

a) **Clínico:** é o realizado polos veterinarios, mediante medios técnicos adecuados para realizar este tipo de prácticas.

b) **Empírico:** cando non se dispón do diagnóstico clínico, procederase a considerar preñada unha cabra que non volveu saír ao celo un mes despois de se ter inseminado.

2.2.2.4.2 **Datos recollidos e codificación:**

a) **Data do diagnóstico:** no caso do diagnóstico clínico, rexistrarase a data en que este se realizou, mentres

que no caso do diagnóstico empírico se consignará a data correspondente a un mes despois da última inseminación.

b) Resultado: mediante a seguinte codificación:

Código	Resultado
0	Negativo ou cabra baleira.
1	Positivo ou cabra preñada.

2.2.2.5 Datos relacionados cos partos. Dato recollido polo controlador autorizado na gandaría a partir dos datos dispoñibles e rexistrados na explotación. Os datos que se recollen por cabra son:

2.2.2.5.1 Dificultade ao parto: a dificultade ao parto codifícarase da seguinte maneira:

Código	Dificultade de parto
0	Sen avaliar.
1	Parto fácil (sen axuda).
2	Parto normal (con lixeira axuda).
3	Parto difícil (forte tracción).
4	Cesárea ou fetotomía con presentación normal.
5	Presentación anormal do cabrito, incluídas as cesáreas e as fetotomías debidas a este problema.

2.2.2.5.2 Retención de placenta: este problema codifícarase da seguinte maneira:

Código	Retención de placenta
S	Retención ás 12 horas tras o parto.
N	Non retención de placenta.

2.2.2.5.3 Conformación da cría. Para as razas con esquemas de selección de aptitude mixta carne/leite. Codifícaranse da seguinte maneira:

Código	Tamaño cría
0	Sen determinar.
1	Moi boa.
2	Boa.
3	Regular.
4	Mala.

2.2.2.5.4 Tamaño da cría ou peso: o resultado codifícarase da seguinte maneira, e de se recolleren os pesos, codifícaranse da mesma forma pero en función dos pesos que se establezan para cada raza:

Código	Tamaño cría
0	Cría pequena.
1	Cría normal.
2	Cría grande.

2.2.2.6 Velocidade de muxidura. Recollerase nunha ocasión nas cabras de primeira lactación. Codifícarase da seguinte maneira:

Código	Velocidade de muxidura
0	Non se sabe.
1	Rápido (máis fácil que a media).
2	Normal (media).
3	Lento (máis difícil que a media).

3. Xestión e procesamento dos datos de control leiteiro oficial.

3.1 Filtros aplicados na informatización dos datos:

3.1.1 Filtros aplicados ás datas de control:

a) O primeiro control subseguinte ao parto deber ser a partir do día 10 posparto en caso de lactación artificial da cría, ou entre os días 45-60 posparto en caso de aleitar a cría.

b) O intervalo medio entre dous controis é de 30 días, que poderá oscilar entre 28 e 34, ambos inclusive, para os métodos de control A4 e AT4, e de 42 días, que poderá oscilar entre 38 e 45 para os métodos de control A6 e AT6. No caso do método simplificado (MS) realizáranse, polo menos, no inicio, no medio e no final do período total de muxidura.

3.1.2 Filtros aplicados ao secado:

a) É necesario marcar se a data de secado é real, normal estimada, estimada por vacacións ou por parto ou aborto sen período de secado previo.

b) Se o secado foi normal estimado, a data de secado será posterior en 14 días á data do último control. No caso de que o secado se estimase e se producise en vacacións do controlador, a data de secado será 30 días despois do último control efectuado.

c) As datas de secado deben ser anteriores á data en curso e posteriores á data de parto.

d) A data de secado debe ser posterior á data do último control realizado na lactación.

3.1.3 Filtros aplicados aos datos de parto:

a) É obrigatorio adxudicar un parto ou aborto seguido de lactación a unha cabra para dar de alta unha nova lactación.

b) A data de parto ou aborto debe ser anterior á data en curso.

c) O número de parto ha de ser superior ou igual a 1 e inferior ou igual a 15.

d) Para dar de alta un parto, a lactación anterior debe ter finalizado. A data de parto e a de secado da lactación anterior non poden coincidir, nin ser posterior a de secado á do parto.

e) O intervalo entre a fecundación e o parto débese encontrar entre os 130 e 170 días.

f) No caso de se rexistrar un aborto, considerárase que comeza unha nova lactación se existiu un secado anterior.

g) Toda lactación debe ir asociada a unha explotación.

h) Todo control debe ir asociado á explotación onde este se efectuou.

3.1.4 Filtros aplicados aos datos de método de muxidura:

a) Os filtros limitáanse a detectar erros nos códigos de método de control e de intervalo horario que se informatizan.

b) Débese controlar a alternancia nos controis de tipo AT4 e AT6 con recollida alterna de mostrás.

3.1.5 Filtros aplicados ás producións:

a) Os límites de produción diaria son os seguintes:

	Mínimo	Máximo
Litros de leite	0,2	9,9
% de graxa	2,0	9,9
% de proteína	2,0	6,9
% extracto seco	5	19,9

b) No caso de falta do dato de produción de leite, esta calcularase como:

1.º A media entre as producións do control anterior e o posterior, ou

2.º Cando o dato faltante de quilogramos de leite se produza no primeiro control, considerarase que o control non se realizou.

c) Se o dato faltante é o correspondente ás porcentaxes de graxa, proteína e extracto seco, considerarase que a porcentaxe de graxa, proteína ou extracto seco faltante é igual:

1.º Á media resultante dos controis anterior e posterior.

2.º De se tratar do primeiro control, estes serán iguais á media resultante dos dous controis posteriores.

d) Deberase indicar a causa pola cal se producen os datos faltantes, mediante a seguinte codificación:

Código	Causa
1	Datos produtivos fóra de rango.
2	Datos de analítica faltante.
3	Enfermidade.
4	Accidente.
5	Animal baixo tratamento ou en celo.
6	Catástrofe ou outros.

e) A lactación secarase cando a produción diaria sexa inferior a 500 mililitros. Este límite redúcese a 200 mililitros no caso de explotacións en réxime extensivo e de razas con esquemas de selección de dobre aptitude carne-leite.

f) Para que a unha cabra se lle adxudiquen datos de produción debe ter parido e non figurar como cabra seca.

### 3.1.6 Filtros aplicados á analítica de control:

a) Débese comprobar se todo animal con datos de cantidade de leite posúe datos de analítica para que, en caso de non os ter, introducir a información da causa ou introducir o cálculo do dato que correspondería nese caso.

b) Os límites impostos aos resultados da analítica son os reflectidos no punto 3.1.5.a)

### 3.1.7 Filtros aplicados ás datas de nacemento:

A data de nacemento debe ser anterior á data en curso.

3.2 Cálculo de producións: o centro autonómico de control leiteiro calculará as lactacións finalizadas mediante o método de interpolación ou, no seu defecto, algún dos métodos aprobados polo ICAR, de acordo coa organización ou asociación a que van destinados os datos. Calculará as seguintes producións de leite, graxa e proteína nas lactacións finalizadas:

3.2.1 Lactación natural: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu no transcurso de toda a lactación do animal, é dicir, desde o parto ata o secado.

3.2.2 Lactación normalizada a 210 días, ou a 240 días, ou a 270 días ou a 300 días en femias de segundo parto e sucesivos: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o día do parto ata os días 210, 240, 270 ou 300 de lactación, respectivamente.

3.2.3 Lactación normalizada a 150 días en femias de primeiro parto: é a cantidade de leite, graxa, proteína e extracto seco que se produciu desde o día do parto ata o día 150 de lactación.

3.2.4 Lactación normalizada a graxa e proteína constantes: en canto á composición do leite, as lactacións normalizaranse ás seguintes porcentaxes:

Graxa: 4 por cento.

Proteína: 3,2 por cento.

4. Organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos.

Para o cumprimento do articulado deste anexo, as organizacións ou asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos aplicarán, polo menos, os seguintes criterios aos datos que lles envíen os centros autonómicos de control leiteiro:

a) A lactación debe ter unha duración igual ou superior a 150 días en femias de primeiro parto e 210 en femias de segundo parto ou sucesivos.

b) O número máximo admisible de controis faltantes na lactación válida é de un.

## ANEXO V

### Subvencións aplicables

O importe máximo da subvención por cada lactación finalizada e válida, segundo están definidas no artigo 2, que se poderá aplicar en concepto de control leiteiro oficial con cargo aos orzamentos xerais do Estado será, para cada especie prevista neste real decreto, o seguinte:

Bovino: 10 euros.

Ovino: 5 euros.

Caprino: 5 euros.

## XEFATURA DO ESTADO

**6654** *REAL DECRETO LEI 7/2005, do 22 de abril, polo que se modifica a Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, en materia de financiamento da formación continua.* («BOE» 99, do 26-4-2005.)

A Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, regula na súa disposición adicional vixésimo sexta o financiamento da formación continua, en cuxo punto 3 establece as porcentaxes de bonificación que as empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional se poderán aplicar, durante o exercicio 2005, para o desenvolvemento de accións de formación continua para os seus traballadores. Estas porcentaxes son as mesmas que se estableceron na Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004.

No momento en que a citada disposición adicional vixésimo sexta se incorporou ao proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, aínda se descoñecía a evolución que podería experimentar o sistema de bonificacións acabado de implantar para a formación continua. A información dispoñible actualmente sobre o número de empresas que se incorporou ao sistema de bonificacións aconsella que, coa maior urxencia, se revisen as citadas porcentaxes de bonificación, procedendo, ao mesmo tempo, a unha reordenación do